

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, LUNS, 15 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****SAN CAETANO**

11,30 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, presidirá a reunión do Consello da Xunta.

A continuación, a partir das **13,00 horas (aprox.)**, comparecerá para dar conta dos asuntos acordados.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**OLEIROS (A Coruña)**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na inauguración do obradoiro de emprego *Oleiros Forestal Bosque dos Veciños*.

PONTECESO (A Coruña)

12,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará as actuacións de modernización e dixitalización levadas a cabo no sistema de abastecemento do concello.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**ORTIGUEIRA (A Coruña)**

11,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, participará na inauguración do obradoiro dual de emprego *Terras do Ortegal III*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**LUGO**

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na inauguración da exposición *Tinta e compromiso*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá á xornada divulgativa *Un mar de profesións*, enmarcada na iniciativa *Movemento Azul* da Consellería do Mar.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

SAN CRISTOVO DE CEA (Ourense)

11,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitará a empresa Autocares Pérez S.A.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

11,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará as instalacións do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

09,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á Comisión territorial.

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, reunirse coa directiva da Asociación de Comercializadores de Pescado de Vigo (Acopevi).

CASA DE GALICIA

MADRID

13,00 h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, visitará a feira *Castes Madrid*.

14,30 h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, asistirá a entrega do premio *Galego do Ano 2025* do Club de Periodistas Galegos en Madrid.

19,30 h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá a presentación do libro *Unha historia de superación*, de Marisol Bravos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, e a conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañados polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, e polo director xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, Ángel Tarrío, participarán na reunión do padroado da Fundación Galicia Europa.

MADRID

10,30 h.- A directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela, asistirá á reunión da Comisión de Directores Xerais de Transporte Terrestre do Estado e das Comunidades Autónomas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SAN LÁZARO

10,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, reunirse co alcalde da Lama, David Carrera.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

CIDADE DA CULTURA

09,45 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na inauguración da *III Xornada de Formación da Inspección Educativa*.

Posteriormente, ás 12,45 h., a directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, intervirá para presentar os obxectivos da FP no curso 2026/27.

PONTEVEDRA

20,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na Xunta Directiva da Asociación de Colexios Privados e Independentes (CICAE).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MUROS (A Coruña)

11,30 h.- O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, visitará o centro de día.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

16,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto coa directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria da Consellería de Sanidade, Sofía López, e a directora xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, Carmen Durán, inaugurará o acto de presentación do Rexistro Galego de Persoas Centenarias (REGACE).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

PAZO DE RAXOI

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación en **rolda de prensa** do festival internacional de narración oral *Atlántica*.

REDONDELA (Pontevedra)

13,45 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, manterá un encontro coas persoas participantes da primeira quenda da *Residencia literaria de San Simón*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,00 h.- A xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, participará na *Xornada 14x14*, impulsada pola Fundación RIA.

O CASTRO DE CALDELAS (Ourense)

10,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañará nas súas compras a persoa gañadora do premio extraordinario de 2.500 € concedido no marco da campaña *Días Azuis do Comercio Galego*, desenvolvida en colaboración coa Federación Galega de Comercio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PONTEVEDRA

10,30 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, intervirá na presentación da 3ª edición do programa *Alento*, promovido pola Xunta en colaboración co Clúster da Comunicación e Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SILLEDA (Pontevedra)

10,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, visitará as instalacións de Coesco Deza, beneficiaria das axudas da Consellería do Medio Rural para a transformación e comercialización de produtos agrarios.

PONTEVEDRA

15,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, reunirse co secretario do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Ramón Huidobro.

CONSELLERÍA DO MAR

SAN CAETANO

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, reunirse co director do Instituto de Investigacións Mariñas, Juan Francisco Saborido.

LUGO

18,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asistirá á entrega de premios do concurso de debuxo *O peixe é saúde*.